

KONTINENTAL '25

Radu Jude, 2025

1642

ESTREA EN NUMAX: 12.12.2025 | V.O.S.E. | +12 | 109 min

Orsolya é alguacila na cidade de Cluj, en Transilvania. Fiel ao seu cargo, debe executar o desafiuzamento dun home sen teito que vive no soto dun edificio do centro destinado a converterse nun hotel de luxo. Pero un suceso inesperado confróntaa de súpeto coas súas propias contradicións desencadeando nela unha profunda crise moral.

«Tan trágica como gozosamente divertida. Maxistral»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Radu Jude: «Quería contrastar a narrativa de éxito de Cluj coas historias daqueles que ficaron atrás»

A película comeza cun home sen fogar que se suicida tras ser desafiuzado, e logo segue a Orsolya, a axente xudicial que leva a cabo o desafiuzamento. Como construíu a historia ao redor desta situación? É unha pregunta difícil, porque este proxecto é moi antigo. A primeira chispa da historia xurdiu dunha noticia que lin hai anos sobre unha situación similar. Tomei notas e mesmo lla propuxen no seu momento a HBO Romanía para unha película para televisión, pero non saíu adiante. Co tempo, a historia seguiu na miña cabeza, sobre todo a medida que o desenvolvemento inmobiliario e a desigualdade se facían máis pronunciados en Romanía. A pesar do aumento do PIB, a fenda entre ricos e pobres non fixo máis que crecer, e iso é moi preocupante.

Mencionou a Roberto Rossellini como unha influencia fundamental nesta película. En que sentido? Para min, unha historia tamén necesita unha forma específica, non só unha narrativa. Nalgún momento, lin un artigo sobre *Europa '51*, de Rossellini, e volví ver a película. Chamoume a atención o tema dunha muller consumida pola culpa, en busca da redención. Vin paralelismos coa miña historia e decidín explorar eses temas, pero dunha maneira menos metafísicamente trágica e máis baseada nunha mestura moi contemporánea de comedia e drama. Podería dicirse que a miña película é unha especie de caricatura de Rossellini. E houbo outra influencia máis: volví ver *Psicose*, de Hitchcock, que inspirou a estrutura da película. *Psicose* comeza cunha vítima e logo cambia o foco cara ao perpetrador. Seguí esa idea: a historia do vagabundo dá paso á de Orsolya. Ela non é a asasina, pero, dunha maneira simbólica, sente que podería ser cómplice, como todos os que a rodean, en certa forma. Así é como tomou forma a película.

A película é un comentario evidente sobre os problemas sociais e políticos da Romanía actual. Como vostede di, combina un sentido trágico con elementos cómicos. Describíraa como unha sátira? Mencionou os aspectos sociais e políticos, e é certo. Eu engadiría tamén a dimensión ética: o sentimento de culpa e o dilema moral ao que se enfronta a protagonista. Pero é un pouco ridículo, porque é un dilema moral que xorde despois dos feitos, cando o dano xa está feito. Agora ben, non estou seguro de que "sátira" sexa a palabra máis acaída para describilo. Poida que teña razón, pero eu non teño a mesma distancia que un crítico ou un espectador. Para min, trátase máis ben de explorar o ridículo e o dramático da situación ao mesmo tempo. No fondo, hai unha traxedia, pero a reacción da xente ante ela pode ser absurda. Cando cuestionamos nosas propias reaccións ante as traxedias, a miúdo situámonos á beira do ridículo.

A película está ambientada en Cluj, unha cidade no corazón de Transilvania que experimentou cambios significativos nos últimos anos. Como afecta a súa transformación nunha "cidade intelixente" e destino turístico á narrativa e ás experiencias dos personaxes? Cluj é un caso curioso. Por unha banda, considérase un exemplo de éxito: a súa industria tecnolóxica está en auge, a poboación crece e considérase máis moderna e civilizada en comparación con outras cidades romanesas. Pero ese éxito veu acompañado de xentrificación e un desenvolvemento urbano caótico, especialmente nos arredores da cidade. A cidade está rodeada de outeiros, polo que a súa expansión estendeuse ás vilas próximas, como o lugar no que vive Orsolya. Esas vilas medraron rapidamente, a miúdo sen infraestruturas, sen escolas ou hospitais. Quería contrastar a narrativa de éxito de Cluj coas historias daqueles que ficaron atrás, os perdedores deste proceso de crecemento económico. É un contrapeso á historia triunfalista do desenvolvemento.